

CAMIÑO '19

DEPONTE

Proposta integral para o deporte na Pontevedra do século XXI (resumo)

- Alberto Argibay (dirección técnica)
- Roberto Álvarez (idea deportiva)
- Juan Manuel Cernadas (idea económica)
- Guillermo Casalderrey (idea urbanística)

OMELLORALCALDEOREI.GAL

 OMELLORALCALDEOREI

 OMELLORALCALDEOREI



1. Introducción

1.1. Pontevedra, unha cidade interesada no deporte

Todos os datos* sinalan con claridade que o deporte no Concello de Pontevedra ademais de ser unha **actividade importante socialmente** podería ser **un elemento de dinamización económica** ligada aos estudos vinculados con esa actividade.

A. A maior cantidade de fichas federativas por habitante das sete cidades galegas

Pontevedra conta con 808 entidades deportivas, tendo o **crecemento máis importante entre as sete cidades galegas** (4,53% entre 2015/2016).

	A Coruña	Ferrol	Santiago de Compostela	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Total xeral	1.909	523	623	1.248	1.053	808	1.803
Adaptados	5	1	8	4	6	7	13
Atlético	203	56	105	155	133	160	271
Combate	175	71	71	79	124	83	176
Deslizamento	49	15	19	21	17	12	38
Motor	48	14	19	84	60	45	126
Náuticos	106	94	17	39	31	78	98
Outros deportes	295	101	113	229	172	163	230
Pelota	1.028	171	271	637	510	260	851
% Evolución do total respecto 2015	2,47%	2,35%	1,14%	3,74%	1,25%	4,53%	2,39%

> Fonte: Elaboración propia a partir de Rexistro de entidades deportivas da Xunta de Galicia (Data de actualización: 30/06/2017). Consultar Clasificación de deportes no anexo Aclaracións terminolóxicas.

Hai máis de 12.000 persoas federadas en Pontevedra: 1 de cada 7 pontevedreses practican algún deporte federado. Entre 2014-2016 medraron as licencias federativas en deportes atléticos e de combate, tamén son importantes a natación e o piragüismo na cidade, pero os deportes de pelota seguen sendo dominantes (32%), con importancia tamén do atletismo, a ximnasia, o taekondo e o piragüismo. Faise necesaria unha maior diversificación e o apoio a novos deportes.

* Datos do Observatorio Urbano de Pontevedra de 2016 (“Grupo de Investigación G4 PLUS Desenvolvemento estratéxico: Organizacións e territorios” da Universidade de Vigo).


B. Estudos relacionados co deporte

As especialidades da Universidade de Vigo (Campus de Pontevedra) vinculadas co deporte teñen unha grande importancia. O alumnado matriculado en **Actividade Física e Deporte** ascendeu a 526 (en 2016) e en **Fisioterapia** a 230 (en 2016). Neste último caso cun crecemento dun 3,6% no período entre 2012/2016.

Ademais no **Centro de Tecnificación Deportiva** (curso 18/19) participan:

- Bolseiros internos menores 18 anos: 81
- Bolseiros internos maiores 18 anos: 12
- Bolseiros externos menores 18 anos: 11
- Bolseiros externos maiores 18 anos: 19
- Deportistas de élite: 20

No curso 2015/2016 os titulados en Actividade Física e Deporte, e Fisioterapia foron 80 e 57 respectivamente.



1.2. Unha cidade cunha cantidade de infraestruturas deportivas aceptable

Pontevedra conta con numerosas instalacións deportivas, propiedade de diferentes administracións, pero infrautilizadas por ausencia de coordinación e falla de persoal.

Instalacións: Pontevedra conta con 120 instalacións catalogadas como deportivas (que inclúen 269 espazos deportivos)

Ratio: Pontevedra é a segunda cidade galega cos maiores ratios de instalacións (1,45) e terceira en espazos deportivos (3,26) por cada 1000 habitantes.

	A Coruña	Ferrol	Santiago de Compostela	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Nº de Instalacións	176	92	152	122	113	120	298
Nº de Espacios Deportivos	533	230	356	268	321	269	731
Nº Espacios Convencionais:	509	219	333	254	312	247	692
Nº Espacios Singulares:	24	11	21	13	9	18	30
Nº Áreas de Actividad:	0	0	2	1	0	4	9
Nº Espacios Complementarios:	747	223	255	145	299	251	674
Ratio de instalacións por cada 1000 habitantes*	0,72	1,35	1,58	1,24	1,07	1,45	1,02
Ratio de espazos deportivos por cada 1000 habitantes*	2,18	3,37	3,71	2,73	3,03	3,26	2,50

> Fonte: Elaboración propia a partir de Censo Nacional de Instalaciones Deportivas (Data de consulta: 09/06/2017)

*Nota: Calculado en base á poboación de 2016

- Espazos deportivos convencionais: dan servizo ás prácticas deportivas máis comúns, e atenden a referentes regulamentados con dimensións normalizadas, aínda que non sempre se axustan a elas.
- Espazos deportivos singulares: son espazos máis específicos que adoitan estar suxeitos a uns requirimentos espaciais.
- Áreas de actividade deportiva: distínguense pola indefinición dos seus límites e polo medio natural no que a práctica físicodeportiva ten lugar: acuático, aéreo ou terrestre.
- Espazos complementarios: serven para dar apoio ás actividades deportivas desenvolvidas nos diferentes espazos deportivos; o deporte non é realizado nestes espazos. Exemplos: vestiarios, aseos, primeiros auxilios, control antidopaxe, almacéns de material deportivo, bancadas, etc.

Necesidades:


- Aproveitar mellor as instalacións escolares (fin de semana e vacacións)
- Recuperar como senda ciclista a antiga vía de ferrocarril
- Integrar usos eco-deportivos nas marismas de Alba
- Diversificar e ampliar zonas deportivas ao aire libre

2. DEPONTE


DEPONTE é un programa plurianual para asentir o modelo deportivo na Pontevedra do século XXI desde unha orde e coordinación arredor dun ente público: o Consorcio dos Deportes

Obxectivos:

- Facilitar a vida activa das persoas de todas as idades
- Xuntar natureza e deporte
- Crear novos espazos urbanos de deporte e lecer
- Ofrecer recursos para a práctica deportiva e de saúde
- Reformar as instalacións para garantir a accesibilidade universal
- Promover os valores do exercicio físico nos centros escolares
- Garantir a participación das mulleres no deporte
- Mellorar os logros do deporte pontevedrés
- Crear emprego ligado ao sector deportivo



3. CONSORCIO DOS DEPORTES



O Secretario do Consorcio será nomeado polo Consello de Administración, que non terá dereito a voto. Coa excepción do Secretario e os membros da Asemblea Xeral en representación de ANPAs, Asociacións e Clubs deportivos, a condición de membro do Consello de Administración estará ligada a titulariedade e o desempeño do cargo que a determine.

O consorcio é unha fórmula xurídica para a **xestión pública, moderna e innovadora dos servizos en Galicia**. Trátase dun ente no que terán voz e voto todas as Institucións e entidades deportivas de Pontevedra e ten por obxectivo **cohesionar e artellar socialmente o deporte do concello, con planificacións e programacións técnicas dirixidas a consolidar o noso tecido deportivo, reforzando os vencellos sociais e recreativos da cidadanía**.

Algunha das vantaxes do Consorcio dos Deportes de Pontevedra a respecto ao antigo Instituto Municipal do Deporte de Pontevedra (IMD) que se dissolveu o 31 de decembro de 2016:

- co Consorcio dos Deportes de Pontevedra gañamos un ente de **xestión pública e transparente de participación democrática** para a adopción de acordos no deporte de Pontevedra.

- unha **xestión máis acaída cunha maior eficiencia e eficacia** no desenvolvemento das competencias propias do Concello de Pontevedra en materia de deporte, tanto na **planificación como na programación**, e garante á cidadanía de Pontevedra o acceso á actividade física e á práctica deportiva, **apoiando aos clubs e asociacións deportivas así como as ANPAs e asociacións de persoas con diversidade funcional**.

- aglutina os **recursos financeiros** das distintas administracións públicas nunha "ventá" única para simplificar a administración e o financiamento dos clubs e asociacións deportivas así como as ANPAs e asociacións de diversidade funcional.

- maior **eficiencia e flexibilidade cun catálogo propio de postos de traballo**, permitindo relacionarse co ritmo e coa dialéctica do deporte, e adaptando o persoal do Consorcio as súas especiais características.

- **xestión, coordinación e mantemento das instalacións deportivas** propias do Concello de Pontevedra e doutras administracións, dotándoas dun **regulamento común** que garanta o seu perfecto estado e ampliando os horarios e o persoal específico para a coordinación e execución dos distintos programas deportivos.

3.1. Obxectivos e competencias

Obxectivos do Consorcio:

- Ordenar as áreas deportivas
- Facilitar a práctica deportiva á cidadanía
- Asegurar a presenza de material para urxencias médicas nas instalacións
- Informatizar o sistema de comunicación e control entre todas as áreas
- Optimizar as instalacións deportivas
- Crear unha rede de instalacións que sirva potenciar o deporte nas parroquias
 - Facilitar lugares onde poidan gozarse os pais e nais durante as actividades dos nenos

Competencias do Consorcio

- Autoorganización
- Financeira
- Programación ou planificación
- Revisión de oficio dos seus actos e acordos
- Facultade de ser beneficiario de expropiacións forzosas

3.2. Membros

- Concello de Pontevedra
- Deputación de Pontevedra
- Xunta de Galicia
- Universidade de Vigo
- Clubs deportivos
- ANPAS
- Asociacións de persoas con diversidade funcional

3.3. Subvencións ao deporte e Bolsas de traballo

Ao integrarse a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra no Consorcio dos Deportes de Pontevedra **ampliarase o importe destinado á subvención** das Escolas Deportivas Municipais e á promoción de grandes eventos deportivos, que se xestionarán co compromiso de poñer en marcha a **administración electrónica** para axilizar os pagos ás entidades.

Incorporaranse nos criterios das bases para as subvencións das **Escolas Deportivas Municipais** e a **Promoción de Grandes Eventos Deportivos** a obriga por parte dos

clubs e asociacións deportivas de realizar ás seguintes tarefas:

- Formación en **igualdade** para os monitores e monitoras.
- Participación dos clubs e asociacións deportivas en campañas de captación deportiva para a **integración da muller**.
- Compromiso co coidado da **imaxe** da sinalética específica e dos carteis promocionais de eventos deportivos.

Ademais, crearanse 50 **bolsas de práctica laboral** para persoas **graduadas en Ciencias da actividade física e do deporte** e graduadas de **Fisioterapia**, con destino ao Consorcio dos Deportes de Pontevedra, co fin de realizar tarefas de apoio relacionadas co deporte, nos clubs e asociacións, ANPAs e asociacións de persoas con diversidade funcional do concello de Pontevedra.

A dotación económica das bolsas será de 645 € ao mes por persoa beneficiaria, cunha duración de 10 meses e cunha dedicación de 30 horas á semana. Esta cantidade imputarase ás aplicacións orzamentarias do Consorcio por un importe aproximado de 300.000,00 €

3.4. Orzamento e persoal

O último orzamento liquidado do Concello de Pontevedra é o do ano **2017** e en relación ás partidas do deporte executáronse **2.577.452,85 €** dun total orzamentado de 7.130.191,09 € o que indica que só se executou o 36,15 %, facendo evidente que **o Concello de Pontevedra non conta coa estrutura necesaria de persoal e recursos para executar o seu propio orzamento**. Feito que xa se repetiu en anos anteriores pois en **2016** executou **2.552.008,75 €**, cifra moi similar a do ano 2017, deixando sen executar 1.916.624,74 €

Ademais, a empresa municipal Turismo de Pontevedra, S.A. destinou aos clubs da cidade 241.000,00 € no ano 2017 para promoción e publicidade e ten previsto destinar 252.000,00 € no ano 2018.

O IMD disolveuse con 12 traballadores públicos o 31 de decembro de 2016, daquela destinaba as retribucións de persoal 524.780,33 €. No ano 2017 o Servizo Municipal de Deportes destinou a iso 523.161,66 €. Para un correcto funcionamento do Consorcio dos Deportes de Pontevedra deberíase partir dun incremento do persoal específico, suxeito a un catálogo. As competencias e a necesaria flexibilidade do mundo do deporte aconsellaria contar cun mínimo de 20 traballadores.

Achegas ao CONSORCIO.

A facenda do consorcio estará constituída polos seguintes recursos:

1. As achegas dos entes consorciados
2. As rendas e produtos do patrimonio do consorcio
3. As subvencións, auxilios, legados e doazóns que recibise de calquera entidade de ámbito supranacional, do Estado, da Xunta de Galicia, da Deputación de Pontevedra, ou de calquera outra entidade pública ou privada
4. Os rendementos de calquera clase derivados da prestación de servizos e, en particular, os prezos públicos que se poidan, se é o caso, establecer
5. Os rendementos de servizos e explotacións, e calquera outro ingreso que legalmente se poida obter.